


O ESPIGONCIÑO

XORNAL ESCOLAR DO CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE " DE CARIÑO



XOSE MARIA ALVAREZ BLAZQUE

NÚMERO 51

MAIO 2008

Cumprimos 25 anos

EDITORIAL

AS LETRAS GALEGAS

Xa chega o noso día, o de tódolos galegos, o 17 de maio. Nel honramos a nosa lingua e as nosas letras.

É un día de ledicia, pois son moitos anos loitando para manter vivo o noso idioma “o Galego”.

Lonxe de aquí os emigrantes galegos, que son moitos, tamén lembran que para Galicia é un día de festa. Nalgúns lugares teñen formadas asociacións nas que, coma nós celebran esta data, para non olvidar o seu fogar e a súa lingua que hai moitos anos tiveron que deixar.

Como cada ano e dende hai corenta e cinco, adícaselle a un persoaxe relevante da nosa cultura: Xosé María Álvarez Blázquez, quen empezou a escribir moi novo (con só 15 anos), o que é un exemplo a seguir. Escribiu grandes e importantes obras para a nosa literatura como “O catecismo do labrego”, “Poemas de ti e de min”, ou “A Pega Rabilonga”.

Neste día temos que reflexionar sobre se facemos o suficiente pola nosa lingua, sobre todo ó lembrar a tódolos personaxes que por ela loitaron, como son Rosalía de Castro, María Mariño, Manuel Lugrís...e como non a quen este ano honramos Xosé María Álvarez Blázquez.

Alumnas e alumnos de 6ºA




NOTADOS EDITORES.

Colaborar na preparación do espigonciño é case sempre agradable, pero hai un momento que resulta especialmente ingrato: a selección da portada. Preséntanse centos de debuxos e só podemos escoller un. Todos os traballos son bos e demostran o agarimo que sentides por este xornal, e por iso desexamos agradecervos o esforzo e pedirvos perdón se o voso debuxo non aparece aquí. Grazas por comprendelo.

SUMARIO

HAI 25 ANOS NACÍA UN XORNAL.	4
NOVAS	5
ENTREVISTA A PEPE CASAL	6
EXPOSICIÓNS	8
SEMANA DAS CIENCIAS	10
EXCURSIÓN A CORUÑA DO TERCEIRO CICLO	12
VIAXE DO PRIMEIRO CICLO A SOTAVENTO	14
VIAXE DO SEGUNDO CICLO AO PARQUE EÓLICO DE SOTAVENTO	16
EXCURSIÓN A FERROL DE EDUCACIÓN INFANTIL: SOROLLA	18
OS NENOS E SOROLLA	24
EXCURSIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL A MARCELLE	27
BIBLIOTECA	29
LETRAS GALEGAS 2008 : XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ	30
CONTOS	31
LEMAS	38
HISTORIAS	44
CONSELLOS PARA AFORRAR ENERXÍA	46
OBRADOIRO	47
CARTAS AO DIRECTOR	50
DEPORTES	52
RECEITAS DE COCIÑA CON PATACAS	53
PASATEMPOS	58
HUMOR	60

HAI 25 ANOS NACÍA UN XORNAL.



HAI VINTE E CINCO ANOS, no seo da comunidade escolar do colexio de Cariño nacía un xornal escolar. Un grupo de profesionais do Centro poñía en marcha, con toda a ilusión, un proxecto que tiña, na súa orixe, un conxunto de obxectivos moi definidos: servir de plataforma de divulgación dos traballos que facían alumnas e alumnos, proporcionar información de carácter administrativo, recoller distintas opinións de membros da colectividade escolar e, ante todo, transmitir á poboación cariñesa a idea de que había que potenciar unha lingua, a nosa, desde un sistema educativo que tradicionalmente a viña considerando de rango inferior á hora da transmisión de coñecementos, actitudes e valores.

Co paso do tempo, un xornal escolar que nacera de xeito tan humilde que por non ter non tiña nin nome foi botando raíces entre nós. Os dous números que se editaban cada curso escolar, coincidindo co Nadal e coas Letras Galegas, pasaron

a constituír un rasgo de identidade da comunidade educativa. Co paso do tempo, os obxectivos que marcaran o seu nacemento, sen perder a súa esencia, deron paso informativo a outros de diversa índole, desde os que recollían con alborozo feitos de importancia histórica para nós -o nacemento do Concello de Cariño, por exemplo- ata os que tiñan, ineludiblemente, que reflexar a tristura pola perda de persoas que formaran parte activa desta familia educativa. Desde estas páxinas queremos lembrar con inmensa emoción e gratitude ás persoas que xa non están entre nós, nuns casos porque a traxedia se cruzou na súa vida, e noutros porque exixencias de tipo humano ou profesional determinaron a súa marcha. Con todo, nesta edición especial contaremos con aportacións de persoas que non están presencialmente no Colexio pero que aquí deixaron, para sempre, unha parte do seu vivir, que é tanto como entregar ao Centro unha mesma proporción do seu ser. En todas ás que lles pedimos a súa colaboración atopamos unha resposta decidida a compartir con nós esta nova viaxe a traveso do tempo. É imposible expresar con palabras a emoción que sentimos por tervos de novo aquí, nestas páxinas. Dos nosos corazón nunca marchastes.

É difícil manter unha actividade durante vinte e cinco anos con carácter ininterrompido. Como en tódalas facetas da vida, houbo momentos nos que O ESPIGONCIÑO pasou por dificultades, desde as típicas crises de crecemento ás urxencia e limitacións de tempo, e desde as dificultades técnicas orixinadas polos problemas de impresión ás limitacións económicas. Con esforzo, ilusión e buscando compulsivamente subvencións que permitiran afrontar os costes de produción fomos saíndo adiante. Supoñemos que non hai moitas sociedades educativas capaces de manter unha traxectoria tan continuada e isto é, para nós, un estímulo para seguir. Como comunidade mariñeira que somos podemos dicir que continuamos na singladura. En cada curso escolar hai membros que quedan no porto mentres outros soben a bordo. Un día, hai xa vinte e cinco anos, partiu con e desde CARIÑO este barco de papel. Seguimos navegando pola ruta da ilusión mentres deixamos un ronsel de amizade.

Grazas por acompañarnos nesta viaxe.

NOVAS



Temporal:

As fortes ondas danaron o espigón e produciron diversos destrozos na vila. O teito do Pavillón Municipal segue a presentar moitos buratos que convértense en goteiras e non permiten a práctica deportiva ademáis de estragar o chan.



Xeoloxía de Cariño.

O complexo do Cabo Ortegal é un dos catro lugares máis antigos do planeta. Os traballos de investigadores do Museo de Historia Natural de Londres e da Universidade Complutense de Madrid indican que as rochas de Cariño poden ter uns 1.160 millóns de anos.

A Conferencia Española de Decanos de Xeoloxía celebrou en Cariño o “Día Internacional da Terra” cunha visita guiada polo entorno onde os xeólogos explicaban as curiosidades do terreo.



25 anos de Espigonciño.

Este xornal cumpre 25 anos e o celebramos cun libro que lembra anécdotas e recompila algúns artigos que foron aparecendo ao longo deste tempo.

ENTREVISTA: PEPE CASAL, ADESTRADOR PERSONAL DE PAU GASOL

Extracto da entrevista que Pepe Casal concedeu á Radio Galega respondendo ás preguntas preparadas polos alumnos e alumnas do colexio.

Sénteste un anano de xardín ao lado de Gasol?

Ao lado de Gasol regular , pero foi moito peor cando estaba ao lado de Dueñas e outros xogadores.

Agora cando vexo a Pau dame un bico na calva.

Tiveches que traballar moito para ser preparador?

Eu comecei aos vinte anos co atletismo e custoume moito chegar ata onde estou.

Cando empezaches a adestrar pensabas que Gasol chegaría onde chegou?

Ao principio non , pero despois dunhas probas dinme conta de que estaba fronte a un xenio, a un fora de serie.

É difícil adestralo?

Si, porque ao principio non lle gustaba adestrar e agora porque ten moitas obrigas e custalle facer o traballo porque está canso.

Que tal te levas con él?

A verdade non sei se son máis o seu preparador ou o seu amigo. Eu teño moito aprezo por él.

Que tal está nos Angeles?

Moi ben, feliz, vivindo un sono.

Traballas con máis deportistas?

Neste momento non, pero nos veráns acóplase Marc Gasol, tamén Garbajosa e Navarro. Pero fundamentalmente Pau Gasol.

Cal é a parte de Pau máis sensible ás lesións?

A planta do pe, padece moito de fascitis plantar.

Equipo favorito en España?

Eu sempre fun do Baça, pero co pase do Aíto ao Juventud de Badalona, agora son deste equipo porque son os que están a facer o mellor baloncesto de europa.

Equipo favorito na NBA?


Sempre me gustaron os Boston Celtics e os Lakers.

Con que xogador te quedas dos Lakers?

Con Kobe Bryant, pero hai un xogador que me encanta porque é un xogador de equipo, que é Odom.

Quen pensas que será o próximo xogador español en chegar á NBA?

Eu penso que Rudy e Marc Gasol teñen moitas posibilidades, pero a min gustaríame que quedaran un ano máis en España porque son moi novos e non deberían ter presa en brincar á NBA. Ata os 24 deberían formarse como xogadores antes de dar o paso.



Que consellos nos das aos nenos e as nenas para chegar a ser grandes xogadores?

Que disfrutedes xogando ao baloncesto, e dedicando tempo a adestrar, acostumar a adestrar e hai que saber levar os estudos ben como Pau, que sempre foi un bo estudante.
Hai que ir ao 100 por 100 nos adestramentos e ao 100 por 100 nos estudos.

Poderíamos falar algunha vez con Pau Gasol?

Iso é moi complicado, o xogador está traballando sempre e case non vai ter vacacións.

Moitísimas grazas por contestar a estas preguntas.

Moitas grazas a vos e unha aperta para todos os nenos e nenas de Cariño

Eu coñezo moi ben Cariño porque góstame a pesca e cando estou en Cedeira, achégome ao peirao de Cariño a ver se pesco algún calamar.



EXPOSICIÓNS: ANO INTERNACIONAL DA PATACA.




EXPOSICIÓN: 25 ANOS DO XORNAL “ O EPIGONCIÑO ”



A SEMANA DAS CIENCIAS. A EXPLORACIÓN DO UNIVERSO

Na semana da ciencia na aula de informática instalaron cousas sobre o Universo, porque hai 50 anos que se enviou o primeiro satélite artificial ao espazo. Había carteis coas constelacións, un xogo para coñecer as estrelas, un telescopio, un aparello para ver as estrelas de noite, unha cámara para ver a cor infravermella que os nosos ollos non poden ver, tamén había un programa de ordenador para ver a Terra desde o espazo e xogamos a atopar tres sitios de Cariño, vimos unha eclipse (de mentira), descubrimos o peso que temos noutros planetas e xogamos con programas para converter o son en debuxos e outro para controlar unha nave. O máis divertido foi dirixir un vehículo explorador coma os que envían a Marte.




Viñeron nenos de moitas clases para ver e tocar as cousas da exposición. Tamén veron vídeos sobre unha viaxe a Marte.

Na entrada ao colexio había unha exposición sobre o Universo con planetas, satélites, estrelas, reloxos de sol e os carteis que fixemos nas aulas.



TANIA E CASSANDRA DE 4º A



EXCURSIÓN Á CORUÑA DO TERCEIRO CICLO

O venres, 11 de marzo, os alumnos do terceiro ciclo do Colexio de Cariño fixemos unha entretida excursión á Coruña. Ese día madrugamos máis ca nunca. Espertamos ás sete da mañá e partimos ás oito. Chovía e tivemos que esperar un pouco polo autobús porque se retrasou. Levamos dous autobuses. Nun deles ían os quintos e no outro os sextos. A viaxe foi divertida. Algúns nenos xogaban co móbil, outros escoitaban música, tamén falaban e xogaban ás palmiñas... Paramos nun “área de servizo” sobre as nove menos cuarto e alí había revistas e agasallos, e mercamos algunhas bebidas por si tiñamos sede. Aproveitamos para ir ao baño antes de subir de novo ao autobús. Logo, dirixímonos cara á Coruña e chegamos pasadas a dez da mañá, pero a viaxe posounos rapidamente..

Fomos directamente para a DOMUS (Casa do Home), onde tivemos que subir moitas escaleiras. Nada máis entrar, fomos a unha sesión de cine no Magnavisión, que é unha sala de proxección cunha pantalla enorme onde vimos unha película sobre o mar, titulada “Mar de estrelas” , onde había moitos peixes raros. Despois, os profesores nos deixaron andar sós e vimos moitas cousas interesantes: un home xigante, o máis alto do mundo, un corazón por dentro (onde te podías meter), uns espellos que te facían máis gorda ou máis fraca. Respiramos por unos tubos onde había uns olores que tiñas que adiviñar, montamos nunha bicicleta na que se vía mover o teu esqueleto e vimos unha morea de libros que parecían unha serpe. Sacamos fotos de todo, ata da “familia mono”, unhas estatuas da prehistoria que había alí. A nós gustounos moito, pero tamén vimos un parto... ¡que noxo!

Cano chegou a hora, marchamos para o AQUARIUM FINISTERRAE, que é a Casa dos Peixes, que está situado preto da Torre de Hércules. Alí, nos explicaron cousas moi interesantes e curiosas como por exemplo que un cabaliño de mar baila 72 horas para conquistar a femia, e logo pon el os ovos. Tamén vimos meros, merlóns, polbos, estrelas de mar, e moitos máis peixes dos que xa non nos lembramos. Despois baixamos a unha cabina, que era coma un submarino, situada baixo o mar, desde onde se vían tiburóns (dous tiburóns touro), raias etc. Sabías que os tiburóns en vez de bicarse, trábanse ? e sabías que había alí un tiburón de tres metros de longo que pesa cento noventa quilos?





Tamén comemos alí, na cantina do acuario. Déronnos unha comida moi boa. Vouvos dicir o que comemos. Eu tomei pastas a saco, cos meus compañeiros. O menú era de hamburguesa de tenreira con patacas fritas e tamén espaguetis con salsa. E de postre, flan. Pasámolo moi ben. Algunhas compañeiras case non podían comer coa risa dos chistes que contaban e algunha comeu pouco porque diciía que non lle gustaba. Despois de comer nos deixaron andar sós e saímos a un recinto onde estaban as focas. Eran preciosas! Había nove (seis femias e tres machos). Seguimos mirando e curioseando por alí e xogamos incluso cos barcos de xoguete que se podían dirixir.

Rematada a comida e a visita ao Acuario marchamos para a CASA DAS CIENCIAS, nun parque que lle chaman de Santa Margarita. O primeiro que fixemos ao chegar foi entrar e subir á última planta, onde está a sala do Planetario, que consiste nunha esfera onde se proxecta o ceo nocturno que se vai ver ese día. Aprendín que desde a Terra se ven cinco planetas a simple vista. Foi precioso, estaba a Osa maior, o Carro, a Vía Láctea... Despois de media hora de proxección, saímos da sala e os profesores nos permitiron visitar as distintas plantas onde estivemos vendo experimentos. A nós, chamounos a atención un péndulo xigante, colgado a gran altura que oscilaba e ía tirando unha barriña cada hora. Quedámonos sorprendidos. Dixéronos que isto demostraba o movemento de rotación da Terra. Había moitas actividades. Vimos un depósito con aire que facía voar unha pelota e tamén un sitio onde había pitiños acabados de nacer. Que bonitos son! Case nos toca de ver nacer un, pero como tiñanos présa e había que marchar tivemos que deixar.

Despois de visitar toas as plantas, regresamos para Cariño, pero antes volvemos a facer unha pausa na “area de descanso” da autopista, pero algúns compañeiros, esta vez non compraron nada. Chegamos moi cansos pero... sabedes que vos dicimos?. Que a volveríamos facer outra vez, do ben que o pasamos. Foi moi interesante.



ALUMNAS E ALUMNOS DE 5º A

VIAXE DO PRIMEIRO CICLO A SOTAVENTO.

As nenas e nenos de 1º ciclo fomos de excursión ao parque eólico de Sotavento. Isto é o que nos contan algúns alumnos de 2º “A” desa visita.

“Entramos nun muiño e subimos unhas cantas escaleiras. Por fóra había debuxos de Don Quixote da Mancha. Fixemos un papaventos e conseguimos gañar un récord de estar calados”.

Sergio Eiroa.

“Nos ensinaron a non malgastar electricidade”. (Cintia)

“Fixemos un xogo de muiños. Algúns nenos foron muiños, outros foron os que amañaban os muiños e un rapaz que estaba conozco era o que estaba vendo o televisor. A todos nos gustou”.

Ana

“En Sotavento paseino moi ben. Todos fixemos papaventos, entramos nun muiño e xantamos no comedor”.

Laura

“Fomos ver un muiño por dentro e ensináronos como funcionan os muiños. Sacáronos unha fotografía. Por último viñemos no autobús para a casa.”

María

“En Sotavento vimos motores e partes dos muiños. Fomos a un e fixemos un papaventos. Despois merendamos e xogamos fóra no campo.”

Brais.

“Fomos ver moitas cousas, xogamos, fixemos un debuxo, comemos, fixemos un papaventos, fomos ver os muiños e un rapaz nos ensinou unha cousa de dentro.”


Cristina.



ALUMNOS E ALUMNAS 2º A



CARMEN W. DE 2ºB

VIAXE DO SEGUNDO CICLO AO PARQUE EÓLICO DE SOTAVENTO

— dunha hora de tempo libre para visitar a tenda. Nela
— había cousas moi curiosas, coma por exemplo: bolígrafos bréxulas,
— ruíños de vento, lanternas, gorras, etc.

— Quedamos nas escaleiras cos monitores que nos dividiron en
— dous grupos. Mentres un grupo aprendía a construír uns papaventos
— con Miguel, o outro grupo facía un debuxo sobre como nos gustaría
— que fose o noso pebo.

— As catro montamos no autobús que nos levou ata un muíño,
— para velo por dentro. Medía 50 m de altura. Era impresionante!

— Finalmente voltamos para a casa moi contentos, sobre todo
— por batir o record do xogo do silencio. Aguantamos todos caídos
— durante máis de oito minutos.

Foi unha excursión estupenda!!!

Alumnas e alumnos de 4ºB



EXCURSIÓN A FERROL DE EDUCACIÓN INFANTIL: SOROLLA

ESURSION

" EXCURSIÓN

A

FERROL

FERROL


EPOSICION OSOOLLA

EXPOSICIÓN


DE SOROLLA"



DRAGÓNS



IKER



AVOUS A FERRO
 "EXCURSIÓN A FERROL"
 ABAYOIA
 A VER A SOROLLA"

" NENA COMENDO

EAO ENO




UVAS"
UAS

CAR MEN




AVOUS CADROS
 "CADROS"



AVOUS A SOROLLA
 "AUTOBÚS A SOROLLA"



AVOU AFRO
 "AUTOBÚS A FERROL"










OS DUENDES E SOROLLA

OS DUENDES E SOROLLA

NO MUS E O TIAMUOS
PISOS. TIÑA MOITOS



COLADOS
COLGADOS

NA PAEE
NA PAREDE

NVNA
NU NHA

SALA AIA
SALA HABIA



Q A OS.
CADROS.


AIA MUITOS QAROS GRADS.

HABIA MOITOS CADROS GRANDES.




OS QAROS PINOVS
SOROLLA. CADROS PINTOUNOS


UN RAPAZ NOS CONTABA COMO
 SE AMA OS CAOS OMO
 OS ENBEABA TOOS LOS
 OS CADROS E
 OS EN SINABA OS

CAOS.
 CADROS.




AVIA UN NENO QUE
 QOMIA UNA SANDIA
 QUE ESTAVA TIRTE
 PORQUE SE CAEU.






EM NOS PAROS AIA MOIA LU
PORE LEUSTAN A SOROLLA.

PORQUE LLE GUSTABA A



UNHA RAPAZA NA PRAIA.
UNHA RAPAZA NA PRAIA



FIXEMOS
FICEMOS
SOROLLA

OLINES

COLORINES

CADRO
UN QAO
ON PAPEL
CON
E PEANEO.

PEGAMENTO.

EXCURSIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL A MARCELLE

VIAXE A MARCELLE



Bisonte

OS DE INFANTIL FOMOS A MARCELLE DE EXCURSIÓN XA PENSAMOS QUE NON IAMOS IR POIS TIVEMOLA QUE APLAZAR DUAS VECES POR CAUSA DA CHOIVA. FOMOS EN BUS ALÍ ESTABAN UNS MONITORES ESPERÁNDONOS E LEVARONNOS A VER OS ANIMAIS QUE HABÍA: CEBRAS, CANGUROS, LINCES, AVESTRUCCES, E MOITOS MAIS.

CONTAMOS COS MONITORES NUNHAS MESAS QUE HABÍA ALÍ DESPOIS PINTAMOS UNHAS CEBRAS QUE NOS DIRON E LOGO VOLVIMOS PARA CARIÑO NO BUS.



Avestruces

DIEGO SERGIO

MARÍA



Canguros

SANOS

ANIMALES DE MARCELLE




Cebras

INCA

MARCOS

BEA



Emúes

JUAN LOIS

PABLO

XEANA



Dromedarios

JOSEMI



Linces

BRUNO
DAVID

JUAN YAIZA



Llamas

JORGE



Axis

ALONSO



Ocas

LAURA
ESTHER



Patos

ALICIA

NENAS E NENOS 5 ANOS



BIBLIOTECA

Este trimestre a biblioteca do noso colexio estivo un pouco “revolucionada” pois no mes de abril celebramos a SEMANA DA PRENSA e tamén a SEMANA DO LIBRO.

Para a primeira tivemos o privilexio de contar cunha xornalista da RTVG, Isabel Vázquez, que nos veu falar do seu traballo. Tanto no nivel de E.I. coma no de E.P. estivo moi acertada a súa charla pois adaptouse ás distintas idades. Como remate da súa visita agasallou aos rapaces cun balón de baloncesto asinado por Pau Gasol.


Ademais para esta semana está a saír un xornal feito por nós con papel orixinal, é dicir, do tamaño dun xornal de verdade. Chamarase LA VOZ DE CARIÑO.

Para a SEMANA DO LIBRO estivemos xogando ás adiviñas durante a semana anterior e os/as que participaron tódolos días e acertaron nas todas levaron como agasallo un libro. Á semana seguinte (na que se celebrou o Día do Libro) fixemos lecturas dramatizadas na biblioteca durante os recreos, para E.P., e nunha sesión lectiva para E.I. Para estas lecturas contamos coa colaboración de rapazas de 5º e 6º (Uxía, Noelia Quiza, Elsa, Sara) e as profesoras de E.I.

Estas lecturas tiveron bastante público para ser no recreo e a primeira vez que as faciamos. Grazas a todos/as por asistir e colaborar. E como non, tamén aos profes por “prestarnos” a estas alumnas durante a dramatización feita para E.I.

Como non podía ser doutro xeito, rematamos esta colaboración para o Espigonciño cunha recomendación duns libros que nos fai unha lectora “empedernida” como é PAULA TALLÓN FUENTES de 3ºB: a colección de “Gerónimo Stilton”.

Unha boa recomendación para estes días!!!!!!!



LETRAS GALEGAS 2008 : XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

O escritor Xosé María Álvarez Blázquez naceu na vila pontevedresa de Tui no ano 1915.

Estudou Maxisterio na cidade de Pontevedra e traballou de mestre en Galicia e Zamora, a onde foi desterrado pola súa actividade política e foi profesor de instituto en Vigo. Aos dezasete anos, publicou o seu primeiro libro de poemas en castelán Abril e fundou a revista literaria Cristal.



No ano 1936, ingresou no Partido Galeguista e comeza a estudar Filosofía e Letras, carreira que non pode continuar polo comezo da Guerra Civil.

Ao remate da guerra, comeza a traballar en defensa da lingua e cultura galega, ingresando, dez anos despois, na Real Academia Galega, na Coruña.

Fundou dúas editoriais, Editorial Monterrey e Edicións Castrelos dedicadas á publicación de libros galegos, nunha época na que apenas

existían libros publicados na nosa lingua. Nesta última editorial publicou O Catecismo do Labrego, que acabou a categoría de primeiro supervendas da literatura galega.

Escribiu tamén numerosos artigos periodísticos e de investigación arqueolóxica, sendo nomeado Cronista Oficial de Vigo.

Os seus libros máis coñecidos son quizais, A pega rabilonga e outras historias de tesouros, en prosa e Roseira do teu mencer, volume de poemas dedicado á súa filla Colorín. Tamén escribiu en castelán e chegou a quedar finalista do Premio Nadal no ano 1944, en Barcelona, coa novela Na vila hai casas novas.

Faleceu en Vigo un 2 de Marzo de 1985 por mor dunha afección cardíaca. Polo seu labor como editor e pola súa defensa da lingua e a cultura galega, a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras, o día 17 de Maio de 2008.

Miriam Breijo de 4º A

4º A

CONTOS

Humboldt foi un gran explorador e naturalista alemán. Unha das correntes mariñas que máis inflúe no clima mundial leva o seu nome, pero, con ser importante este tema, non é por iso polo que o citamos neste artigo, senón por outra historia que ten que ver máis coa supervivencia da lingua. Porque a lingua é un dos maiores logros da mente e da especie humana. Un achado colectivo e compartido. Unha mostra de creatividade e de esforzo para dar nome ás cousas ou aos desexos, aos soños ou aos medos. Unha maneira de traducir a realidade e a imaxinación. Un tesouro que nos transmiten os antepasados e que non se pode perder pero que corre un risco moi serio cando as mentes obtusas se obstinan en marxinar nun curruncho ou en esmagalo.


Prestade atención a estas dúas pequenas historias. Reflexionade e obrade en consecuencia.



Nunha viaxe de exploración por Centroamérica, entre 1799 e 1804, Humboldt atopouse con que unha das tribos que quería visitar, a dos atures, fora exterminada polos caribes e so sobrevivía un vello e achacoso loro que farfullaba unha cantinela que ninguén entendía: era a lingua atur. Humboldt, sabedor do valor do perdido, investiu infinidade de paciencia e horas tentando transcribir ou traducir ao papagaio e chegou a rescatar corenta palabras, é dicir, corenta sons, con seguridade xa deformados polo animal, e que ninguén sabía o que significaban. Pero, polo

menos, gracias ao paxaro e ao científico hoxe temos constancia da existencia dunha lingua e dunha tribo: os atures.

A segunda historia, máis trágica se cadra, é esta e é actual. No estado de Tabasco, no sueste de México, hai dous anciáns que son os dous únicos e derradeiros coñecedores da lingua zoque que hay no mundo. O malo é que están enfadados e... non se falan! Isto supón que a lingua zoque, aínda viva, vai morrer porque os que a tiñan que falar -serán zoquetes?- non a empregan. En verdade, hai veces en que non nos queda máis remedio que recoñecer que somos máis parvos cós loros.



A BOBINA MARABILLOSA

Érase un principiño que non quería estudar, e a súa nai regañouno pola súa pereza. Suspiraba tristemente dicindo:

- Ai! Cando serei mayor para facer o que me apeteza?.

A mañá seguinte, descubriu sobre a súa cama unha bobina de fío de ouro da que saíu unha débil voz:

- Trátame con coidado, príncipe.

Este fío representa a sucesión dos teus días conforme vaian pasando o fío irase soltando. Non ignoro que desecas medrar pronto..... Pois ben, concédoche o don de desenvolver o fío ao teu antoxo, pero todo aquilo que fagas desenvolvéndoo non poderas ovillalo de novo , pois os días pasados non volven.

O príncipe para cerciorarse, tirou con ímpetu do fío e atopouse convertido nun apostado príncipe. Tirou un pouco máis e veuse levando a coroa do seu pai. Era o rei!!!

A un novo tironciño inQUIREU:

- Dime bobina: como serán a miña esposa e os meus fillos?

No mesmo instante, unha belísima xoven e catro nenos loiros xurdiron ao seu lado. Sen parase a pensar na súa perigosidade, seguiu soltando máis fío para saber como serían os seus fillos de maiores.

De pronto mirouse e veu a imaxe dun ancián decrepito de escasos cabelos nevados. Asostouse de si mesmo e do puco fío que quedaba na bobina. Os instantes da súa vida estaban contados!. Desesperadamente intentou orillar o fío do carrete pero non o logrou.

Entón a débil voceciña que xa coñecía falou así:

- Desperdiciaches tolamente a túa sexistencia. Agora xa sabes que os día pasados non se poden recuperar.

Fostes un perezoso ao pretender pasar pola vida sen molestarte en facer o traballo de tódolos días. Sofre o teu castigo. O rei tras un grito de pánico, caeu morto, consumira a súa existencia sen facer nada de proveito.

Iris de 5ºB

A PRÉSA DA TARTARUGA LARA

Estaba a tartaruga Lara na ventá do seu acuario, mentres que súa nai lle facía a comida. O prato estaba case preparado e ulía que recendía a leituga fresca. A nai chamouna para comer porque tiña que ir traballar e sempre lle deixaba o xantar preparado antes de marchar, porque xa se sabe que ás tartarugas lles leva moito tempo chegar. Lle dixo antes de irse:

- Adeus Lara e apura que sempre fuches moi preguiceira. Non tardes.

- Adeus mamá. xa vou correndo, non te preocupes.

Pero Lara tiña que subir cinco escaleiras, que para ela eran un martirio. Lle gustaba andar polo chan, subir costas, pero non escaleiras. Comezou polo primeira, e nada máis subila, xa lle cansou unha pata e tivo que descansar. Era tan vaga, pero tanto, que ao chegar ao segundo peldaño xa non podía máis. Xa pasara unha hora e a pobre tartaruga cavilaba:

- Agora comprendo porque somos tan perezosas. Sempre estamos cansas.


Pasaron dúas horas máis ata que chegou á cuarta escaleira. Xa só lle quedaba unha, pero tiña todas as patas tan cansas coma se lle deran unha malleira!. Entón foi estirando un pé, despois o outro, logo o terceiro e a continuación... sabedes o que pasou?. Pois que se sentiu no acuario un ruído estrepitoso, algo así como: pim, pam, pum, paf e ploff. A pobre Lara deu coa súa cuncha no solo!.

Entón, laiándose dixo:

- Agora xa estará podre a leituga! – Xa se me quitou a fame!

- Todo isto me pasa por ter tanta présa!

Andrea Fraga 5º A




AS AVENTURAS DE MISTER PATATO

PA TATO



un día moi
benito, mozo
amigo Patato ia comendo catapau
unha especie de mofino
estrepado, pero a orella e foi
de viaxe




pero a pataca coeu mucha
esta escuro e viu unha ala e logo viu
uns diñeiros que lle dician prunto te damos comer
e a pataca chorou, pero a pataca unha fada
que lle dixo de noite escóptate con nigo fada




E logo a fada se foise
 e a patata de noite chamou
 á fada e se foron xuntas,
 pero un dinosourio resc
 púxose no medio
 e os perseguía.
 Fece a fada
 dicir "seco" e o dino
 se fuedou seco



e logo atopáronse
 outro dino resc mais
 e enverrou á fada en
 o misterio patato
 os comerei e as patatas
 tiña medo e tremaba
 de medo



pero escapou
con farda
e se foi con
sua esposa



Adeus

Este conto titulado **Roqui, o michiño** foi feito na clase de primeiro A nunha das actividades de animación á lectura. O punto de partida foron dúas palabras que, arbitrariamente, dixeron os nenos: **gato e libro**. Foi feito colectivamente a partires das ideas que, espontaneamente, foron xurdindo.

Roqui o Michiño

Erase unha vez un gato que se chamaba

Roqui e vivia nunha rúa vella.



Un día xogaba ao fútbol no parque un nobelo de lá e quedoulle no pico dunha árbore. Como non podía collelo botouse a chorar. Chamaron aos bombeiros e como non sabían baixalo consultaron no seu libro de salvamento.

Puseron  unha cama elástica e saltaron ata que colleron o nobelo .




Roqui miñanou de gusto e seguiu xogando no parque.

LEMAS

OS NOSOS LEMAS EN DEFENSA DO GALEGO

**Non te cortes.
Fala
GALEGO!**

**Saca a lingua
a paseo**



*O Galego é a
nosa lingua.
Fálémala.*

**Unha lingua,
ningún
medo.**

**Falar en galego é amar a
lingua**

**A LINGUA DO TEU SER
É SER DA TÚA LINGUA**

*Un suave país. Unha
doce lingua*

Fálame nesa fala
melosiña...

Alumnas e alumnos de 6º A

POEMAS

As árbores do meu pobo
necesitan atención
eu lles fago este poema
para que medren mellor

Que me dean moitas flores
e sombra ao seu arredor
para comer moitas froitas
cando estean na sazón

A vosoutras me dirixo,
árbores do meu amor.
que entrades con tanta forza
dentro do meu corazón.

Se de min fora a vontade
e me deran a razón
habería moitos parques
e moita menos polución

Máis xardíns e rúas verdes
menos que máis construción
máis árbores nos paseos
onde respirar mellor.

Escoitade como digo
os berros da miña voz
que saen desde o meu peito
como primavera en flor.

Son tambores que retumban
para chamar a atención
dos que soamente saben
facer contaminación.



DE 5º A

Cerdeira,
¡a túas cereixas
son de primeira!

Maciñeira,
collo as mazás
cunha escaleira

Piñeiro,
¡o máis bonito
do meu ruego!


Ciprés,
¡estou sen verte
desde hai un mes!

Cirollo,
¡moito medraches
entre os repolos!

Pereira,
¿cando comemos
á túa beira?

Carballo.
¡da túa madeira
fixen un carro!

Figueira,
¡as túas brevas
lévoas á feira!



A PAISAXE COLORADA

O meu pobo está xeado
e moi colorado.
As montañas amadas
son moi rosadas.
As árbores son amarelas
e dá xenio velas.
O largo campo
é branco.
As nubes de algodón
parecidas a un melón.
O sol prateado
ilumina o pasado.
A lúa dourada
é auga pasada.
As estrelas arrodean
todas as mareas.
As casiñas son pequechiñas.
Todos os animais voadores
son grandes cazadores.
Corren os cabalos
e saltan os dromedarios.
Os burros nadan
e os patos descansan.
Os nenos saben ler
cando todo está ao revés.
As nenas xogan na marea
e fan castelos de area.
Todos divirtense na mar
xogando a pillar.
Os peixes que hai na mar
non se poden diferenciar.
Os nenos e as nenas deben coidar,
esta paisaxe tan peculiar.

Andrea 5º

No val do mar
hai rosas preciosas
e hai unha roseira
con bolboretas fermosas

No inverno,
o frío ven,
e o mal tempo
non lles convén.

As rosas volven
na primavera
e a brisa mariña
as follas altera.

No verán
cando hai sol
as rosas van
cambiando de
cor.

No outono
as flores marchitan
e cambian de tono
as nosas rosiñas.

Lydia 5º A



As fadas
son preciosas
as douradas
e as rosas.

Voan polo campo
e pola cidade
e van voando
sen parare.
Teñen ás
teñan mans
teñen caras
teñen irmáns.

Teñen cores
todos á vez
e teñen olores
como os dun caravel

Viven nos montes
lonxe de aquí
eu fun a unha fraga
e alí as vin.

Carmen 5º A



POEMAS DA NOSA FALA

Fales ben alto
fales baixiño
sempe en galego
que é melloriño.

~~Cassandra~~

Xa o dicían os meus bisavós:
Fala sempre en galego
e non só, nas ocasións.

~~Adrian D~~

Vivir en Galicia
e falar galego,
daí para o ceo.

~~Katiana~~

Falar en galego
é o máis natural.
Debes falalo,
como algo normal.


~~Patricia~~

Terra e doce
é a nosa fala.
Se falas galego,
disfrutas da fala.

~~Carlos
G.M.~~

Sempre en galego
deber falar.
A lingua galega
deber honrar

~~Adrian C.~~




4º A

POEMAS DA PATACA

A pataca está alegre,
a pataca está contenta
porque xa ten a súa festa.

Cassandra




Miguel

Primeiro: sementar,
abonar e facer regos.
Logo, cavar.
Despois amontoar
E finalmente, recolleitar.

Tatiana

A pataca ben feita
está moi sabrosiña:
coida, rechea, fritida...
De calquera maneira
está ben riquiña.

Adrian



Xa o dicían os meus avós:
as patacas alimentan,
quitan fame
e dannos satisfaccións.

Adrian

ADIVIÑAS

- Na terra cao,
tamán medro,
o flor
e por fin, saio.



Ricas, ricas, sabrosas,
de mil maneiras preparadas.
Non poden ser outras
que as nosas

4ºA

Cassandra
6.11.08

A Bruxa

É mala
é boba
Vai montada
na varoita,




É fea
córtona
con má calquera
 cousa: rapos, pelos,
cheiros, moscas, lesmas,
mocos, piollos, cobras...
É a rainha do medos

Barbara
5ºB

Estrela

Mimã mái, o marío Nom amarróo mo mar
que mos ha de levar mimã mái, o marío
mom amarróo mo marío que mái ha de levar



Mimã mái, a gamela
que mos ha de levar
amarróo nunha estrela



Barbara 5ºB

Polo mar Abaixo

Polo mar Abaixo
Vai um peixeiro
que leva peixes
no mes de Xaneiro

Polo mar abaixo
vai um figeiro
que leva figos
no mes de Fevereiro

Barbara 5ºB

HISTORIAS

«FUN A LONDRES»

Fai uns días, fun a Londres en avión. Voei por enriba de Cariño, era impresionante! Cheguei e estábamos esperando. Aquela noite nevou e o domingo pola mañá fomos xogar coa neve.

Pola tarde, fomos ver o Big Ben, a Ponte de Londres, a Torre onde estaban gardadas as coroas e o London eye. O luns fomos a velo cambio de garda, en Buc Kingham Palace e logo o Museo Británico.


Sempre iamos en metro e nos buses típicos de Londres, de dous pisos.

O martes, fomos a Harrods de compras ao Museo de Historia Natural e a Casa das Ciencias.

E o mércores voltamos para Cariño.

Foi unha viaxe alucinante, en catro días vin moitas cousas interesantes!

Vanessa **4ºA**



EXCURSIÓN A SOTAVENTO

Un día de excursión, fomos a Sotavento. Montámonos no autobús e empezamos a viaxe. Cando chegamos, vimos moitos muiños e papaventos. Entramos e sentámonos nunhas escaleiras. Fixéronos unhas preguntas e fomos deixar as mochilas e os abrigo a unha sala. Logo fomos ao sitio onde deixamos as mochilas e fixéronos preguntas para gañar un título como xefa. Aos que acertaron déronos uns cascos. Logo ensinaronos unha bici que se andaba moito aparecía nunha pantalla as cousas que se poden utilizar con tantos pedaleos. Tamén nos ensinaron unhas bombillas. Logo nos sentamos outra vez nas escaleiras e os de 4º fixeron o papaventos e nos outros o deluxo. Logo ao revés. Despois nos deixaron comprar e ir a fóra. Por último comemos. Subimos no autobús e fomos a un muiño para ver os mecanismos e as cousas que había alí. Tamén nos deixaron subir unhas escaleiras. Ao final, nos fomos a casa.

Paula 3ºB


CONSELLOS PARA AFORRAR ENERXÍA

CONSELLOS PARA AFORRAR ENERXÍA

Na nosa visita ao Parque eólico experimental de Sotavento aprendemos uns consellos para aforrar enerxía na nosa vida cotiá

- 1.- Compra bombillas e electrodomésticos de baixo consumo enerxético. **A** significa aforro e **G** significa gasto. Elíxese o **A!!!**
- 2.- Apaga os aparellos (televisor, microondas, lavabouas ...) cando non os utilices.
- 3.- Apaga as luces cando non as necesitas.
- 4.- Pecha a billa mentres lavas as mans e os dentes.
- 5.- Dúchate en lugar de bañarte. Aforrarás 100L!!
- 6.- Non destapes as portas nin abras o forno mentres cocinas. Pérdere calor!!!
- 7.- Non deixes as billas goteando, gástanse moitos litros de auga ao longo do día.
- 8.- Recicla o lixo. Usa os colectores.
- 9.- Evita usar pilas, son moi contaminantes.

SE QUERES CUIDAR O MEDIO

AMBIENTE E SER UN CONSUMIDOR

RESPONSABLE SEGUIE ESTES CONSELLOS!


RECOMENDANCHO OS NENOS

E NENAS DE 3º A

OBRADOIRO

O xogo das parellas

Esta actividade serve para exercitar a memoria e pasar un rato divertido. Consiste nun xogo dun número determinado de cartas que se relacionan por parellas. Hai que levantar fichas que se parezan entre si. No caso do debuxo, que consiste en relacionar animais coas súas siluetas, teríamos que xuntar cada animal coa silueta correspondente para facer bazaa. As cartas colócanse cara abaixo sobre a mesa. Despois debemos descubrir onde se atopan os animais que se corresponden.



Se queres facer o teu propio xogo debes marcar nunha cartoliña o tamaño das cartas e divides a páxina en tantos recadros iguais como cartas desexes crear. No noso xogo repartimos o espazo dun folio en trinta cartas en total, creando quince animais e outras tantas siluetas

A continuación vedes algunos pasos seguidos polos alumnos de 5º do colexio de Cariño para confeccionar este xogo. Vedes que son fáciles de facer. Favorecen a creatividade. Poden ser o suficientemente difíciles dependendo do número de pezas creadas. Pode ter unha magnífica presentación se dominades a técnica do debuxo e a pintura. E, o máis importante, pasarás un rato divertido xogando cos teus compañeiros.



As regras do xogo son moi sinxelas:

1ª Empeza calquera dos xogadores e na seguinte partida continúa o outro.


2ª Pode levantar dúas cartas como máximo no seu turno.

3ª Se
baza
vgólve

as cartas que descubre forman parella, forma para el e continúa xogando. En caso contrario, a colocala no seu sitio e continúa o outro xogador.

4ª

Gaña o que máis cartas consiga.



OBRADOIRO CON PATACAS E MATERIAL DE REFUGALLO

FACEMOS BONECOS



1- Poñemos as patacas á luz para que xermolen. O xermolo será o pelo.



2- Buscamos material de refugallo: rolos de cartón, botes, botóns, papel pinocho, anacos de tea, la....



3- Poñemos unha pataca axeitada no rolo.



4- Cortamos en tea ou papel a cuberta do rolo ou bote a modo de vestido e pegámolo.



5- Adornamos o vestido e facemos a cara ao noso gusto.



E xa está feito!
Anímate a facer moitos diferentes. É moi fácil.

ALUMNAS E ALUMNOS DE 1º A
CARTAS AO DIRECTOR.

Ola!, son Noelia e como sabedes este ano remata o curso para min e gustaríame que esta carta saia elixida xa que é o meu último curso aquí.

O paso polo colexio foi moi importante para min. Coñecín a moitas das miñas amigas, tiven rifas, estiven con moitos dos profesores, (que os que tiven, para min son os mellores), participei neste periódico e nos festivais... Pero ao que vamos, como moitos de vós xa sabedes As Letras Galegas 2008 adicanse a Xosé María Álvarez Blázquez. Profesor con alma de célebre escritor, xa que estudou maxisterio e aos 17 anos publicou o seu primeiro libro de poemas: "Abril" e fundou a revista literaria Cristal. Foi membro da Real Academia Galega e fundou 2 editoriais de libros: Editorial Monterrey e Edicións Castrelos.

Tamén obtivo un premio polo seu libro "Canle Segredo". Faleceu en Vigo un 2 de marzo de 1985. E aquí queda resumida a vida do noso célebre escritor.

Soio quero dicirvos que estudedes moito, (así poderedes disfrutar das vacacións) e que tamén o pasedes moi ben cos vosos amigos. Ah!, e tedes que ler moito para fomentar a cultura Galega.

Ata sempre amigos!

Noelia Orosa Martínez 6ºB



Carta ao Alcalde

Cariño, 22 de Abril de 2008

Estimado señor Alcalde:

Chámome Elsa Ramil, teño 10 anos, vivo en Cariño, ao lado do Colexio e gustaríame expoñerlle a seguinte queixa:

Os domos dos cans do Pobo non recollen os excrementos das súas respectivas mascotas polo que as rúas están sucias e non é a primeira vez que "alguén" e con alguén refírame a calquer persoa pisa o "regadito" polo que creo que hai que poñerlle punto e final ao asunto.

Moitas gracias por ler a miña carta. Salúdao atentamente.

Elsa



DEPORTES

Clube deportivo de futbol de Cariño.

Modestos: Teñen un bo equipo, pero as veces perden. O mellor xogador é Albelo.

Xuvenís: Na liga quedaron moi mal, os mellores xogadores son Miguel e Adrián.




Alevíns: Teñen un equipo moi bo e case sempre gañan. Na liga quedaron segundos. Os mellores xogadores son Segio, Xavier, Antonio, Rubén e Serginho.

Benxamíns: Na liga quedaron sextos. Os mellores xogadores son: Eva, Rubén, Ángel e Diego.

Pre-benxamíns: Na liga quedaron polo medio. Na copa van segundos. Os mellores xogadores son Xandre, María, Brais, Cristian e Raúl Cortes.

Informan Antonio e Antón de 5º A



Os veciños da nosa localidade; Alberto Yáñez e Carlos quedaron terceiros no campionato galego de dardos, que se celebrou en San Xenxo. Só perderon unha partida.

Informa Fran de 5º B



A nosa profesora Hilda Martínez López quedou segunda no campionato de España de Badminton que se celebrou en Xavia (Alacante) os días 2,3 e 4 de maio.

Informa Eva de 4º B

Proba de carreira campo a través en Moeche.

Os participantes eran Cedeira, San Saturniño, Ortigueira, Cariño e Moeche. Primeiro correron benxamín masculino. A carreira foi emocionante pero gañou un de fora.

De segundo correron benxamíns feminino e Eva quedou terceira.

Despois do descanso comezaron a correr oa alevíns masculino, gañou un de Cariño, Diego Pita de 6º B , e de segundo chegou Julen Rubido de 6º A, Sergio Maseda foi quinto, Antonio Breijo chegou sexto e Javier Fernández foi sétimo.

E para finalizar a carreira, correron os alevíns feminino, a gañadora foi Damara Varela de 5º A. No último minuto tirábanlle botellas para que perdera, pero as esquivou e conseguiu gañar.

Informa Lydia de 5º A



RECETAS DE COCIÑA CON PATACAS

PA AK
PATACAS

REA
RECHEAS

IEET:
INGREDIENTES

TAO
XAMÓN



ET
QUEIXO
PATACAS

RAO
RAIADO



ONT
TOMATE

AAO A AAK
LAVAMOS AS PATACAS
E O DO. EOI
PEL NO FORNO. DESPOIS

E ASO A OA
E ASAMOLAS COA
G A O A
CORTAMO LAS POLA

E A D
METADE

E A E A O A
UALEIRAMOLAS

MUR M
MISTURAMOS

A AAK O OMT
A PATACA CO TOMATE

ET E T M.
QUEIXO E XAMON

AA O
SALAMOS


E RE A D
E RECHEAMOS

A
AS

P A A
PATACAS.

ET O A
METEMO LAS NO

F O.
FORNO.



E. I. 3A

O/A
TORTILLA

D
DE

A/A
PATACAS

A/A
INGREDIENTES:

A/A
PATACAS

O/O
OVOS
A/A
ACEITE

S
SAL

P/A
PELAMOS
O/A
CORTAMOLAS


A/A
PATACAS

E/A/A/A
LAVAMOLAS

E/E/O/A/E
FRITIMOLAS
EN

A/A/S/K/O/A/E/I/V/A/O
ACEITE SACAMOLAS E MISTURAMOLAS CON OVO

S/A/A/N/O/S
BOBAMOS TODO NA



SARTEN

A/A
SEN

A/A
APENAS


A/A
ACEITE

A/A/A/A
PASAMOLA POR UN LADO



E POLO

A
OUTRO



E.I. 3A

P A A S C I A S
PATACAS COCIDAS

I E I E T S
INGREDIENTES

- P A T A S
PATACAS

- S A
SAL

- A U A
AUGA



E L A B O R A C I O N

1 P E L A M O L A S

P A T A C A S
M O L A S


2 S L A B A M O L A S
L A V A M O L A S
P O L L E M O L I N A P O T K

C O N Z O N A K F E R B R
C O N A U G A A F E R V E R

U E E PURE DE AAS PATACAS

REIETES INGREDIENTES

- SAL
- AAS PATACAS
- AUA AUGA
- EIE LEITE
- ATIA MANTEIGA



ELABRACION ELABORACIÓN

1 PEIAMS E CORTAMOS
1 PELAMOS

AS PATACAS
SPOXEMOLAS
2. POÑE MOLAS

EN A UGA
EN FERBR
FERVER

CON SAL A FERBR
EVOTAMOLAS MANTEIGAA
BOTA MOSCLES
NANTEIGA

EA ADO DA
E PASA HOLO POLA



A IOA
BATIDORA

4EADS O EITE
4. MEZCLAMOS CON LEITE


FE EDAE STE O
FERVENDO A TA QUE ESTE O

OSO USO
NOSO GUSTO

PATAÇAS FRITAS

INGREDIENTES

- ACEITE
- PATAÇAS
- SAL



ELABORACIÓN

1º PELA S A SAAAS
 1º PELA S A SAAAS
 2º PELA S A SAAAS

2º LAVAMOS AS PATAÇAS

3º CORTAMOS EN TROCITOS

4º PONEMOS NA SARTEN
 CON ACEITE

5º CANDO ESTEN LISTAS BOTAMOS SAL



PASATEMPOS



PASATEMPOS



- Completa as preguntas sobre autores galegos e os seus libros.

¿Quen fixo un libro que tiña de nome FOLLAS NOVAS?

¿Quen foi o autor dun libro que leva por nome COUSAS?

¿Quen escribiu un conto que tiña por nome MERLÍN E A FAMILIA?

¿Quen foi o autor dun libro chamado A LINGUA DAS BOLBORETAS?

¿Quen fixo un libro que saíu na voz de Galicia no dá das letras galegas que foi adicado a él chamado O COMPROMISO?



¿Quen escribiu un libro chamado PALABRA NO TEMPO?

AQUÍ TES UNHAS PISTAS COS NOMES:

- Rosalía De Castro
- Álvaro Cunqueiro
- Castelao
- Manuel Lugrís
- María Mariño
- Manuel Rivas

NOELIA QUIZA 6ºB.

BUSCA AS DEZ DIFERENZAS



Nathaly 6º A

Adiviñas

1) É unha tiza con patas,
que escribe curvadas emes,
que se achuca, que se agranda,
é que mide as paredes e atravesa Tamen redes. . .
— o — (O gusano) .

2) Ten barba e non se afeita,
non come e ten dentes e o seu
olor quechase ou non desde mozo.
lonxe o dentes. . .
— o — (O allo) .

3) Unha capilla chea de xente e un capellán en
medio, que predica sempre. . .
— o — (a boca)

4) Son herma da tua tía e
non son tía tua.
¿Quen son? . . .
— o — (tua nai) .



A monda é amarela
E o de dentro é de cor carne.
Que é?

Auga pasa pola miña casa
Cate polo meu corazón
O que non o adiviñe,
será un burro cabezón.
Que é?

Verde por fora,
branco por dentro
Se queres que cho diga espera.
Que é?

ENCRUCILLADO SOBRE O AUTOR

Xosé María Álvarez Blázquez

1																				
2																				
3																				
4																				
5																				
6																				
7																				



Horizontais:

1. Cidade onde lle deron o premio “López Cuevillas”. Cidade onde estivo exilado.
2. Colección que leva o nome dunha ave nocturna que vive nas fragas. Número de fillos.
3. Nome da súa muller
4. Nome dunha filla
5. Primeira palabra do título do libro adicado á súa filla.
6. Come dunha editorial moi relacionada con Vigo.
7. Primeira palabra do título do libro supervendas galego daquela época.

Aida e Sara. 5º A

Que cousa cousiña é que cando os pechamos non se ven pero si cando os despa
pertas.
(10pp)

Cal é o colmo dunha pasteleira?
(Faz un puzzle con palabras que comezan con B)

Jesus 5ºB

- chistes -

Un xardineiro quere ter unha filla paleta e outra sen ela

Jesus 5ºB

Realiza esta sopa de letras:

Maza
Pera
Fresa
Limon
Sandia

```
P A M A Z A S E
L F R L I M O N
P R P E R A S P
I E I S A I S O
P S Q R K L I U
S A N D I A S O
```

Jesus 5ºB

- poesias -

Por cada verso que fas un doce licores.

Jesus 5ºB

HUMOR

Un cliente chega a un bar e di:

-Quero unha sopa.

O camareiro a trae e ten unha mosca, o cliente molesto dí:

-Ten unha mosca?

O camareiro contesta:

- É o debuxo.


O cliente moi enfadado lle di:


-Claro ... é un debuxo animado.

Un peixe dille a outro:

-Nada, nada !!

Outras portadas





XUNTA DE GALICIA

**EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA DO CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE"**

CARIÑO A CORUÑA